

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGAPE E AS ENTIDADES COLABORADORAS PARA A XESTIÓN DE AXUDAS RELATIVAS AO PROGRAMA RE-ACCIONA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director de Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que o IGAPE convocou para o ano 2024 unha nova edición do programa Re-acciona: un programa de axuda que facilite a prestación de servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas, que lles permitan adaptarse ao novo contexto económico. Neste tipo de programas é crucial a colaboración da Administración coas entidades prestadoras de servizos, para asegurar a calidade da prestación, reducir a barreira de entrada para os solicitantes de axudas, definir con precisión o alcance do asesoramento e facilitar a difusión.

Que, en consecuencia, o IGAPE convocou o procedemento de selección, en réxime de concorrència competitiva, das entidades colaboradoras que participarán na xestión de subvención e actuarán de ligazón entre o Igape e os beneficiarios das axudas do Programa.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir os termos de colaboración entre as entidades colaboradoras seleccionadas e o IGAPE, de acordo coa Resolución pola que se convoca o procedemento de selección, en réxime de concorrència competitiva, das entidade colaboradoras que participarán na xestión de subvencións para servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas (programa Re-acciona), cofinanciadas polo programa Galicia Feder 2021-2027.

Que ao presentarse á convocatoria, as entidades asinantes asumen unha serie de compromisos que se formalizan mediante este instrumento, en orden á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional fundamentase nos compromisos das partes, asumidos por parte do IGAPE coa publicación da convocatoria de selección de entidades colaboradoras, e por parte das entidades colaboradoras ao presentarse a esta convocatoria, da que o instrumento convencional constitúe o modelo Anexo II ás bases de convocatoria.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional baseado neste modelo, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 23/10/2024.